

O MERCADOR DAS CATRO ESTACIÓNS

1769

Rainer Werner Fassbinder, 1971

ESTREA EN NUMAX: 16.06.2026 | V.O.S.E. | 89 min

Hans é un froiteiro ambulante que vende a súa mercadoría polas rúas de Múnic. Ten unha nai dominante que sempre se mostrou insatisfeita con el e unha muller fría e cínica. A súa debilidade é tal que se deixa arrastrar pola violencia e o alcol.



Nas antípodas do maniqueísmo

Cando Fassbinder, tras rodar once películas no espazo de dous anos, decidiu dar un xiro á súa carreira para abrazar os camiños do melodrama, inspirouse nun episodio familiar ocorrido durante a súa infancia: "Pouco despois da guerra, cando o estraperlo, descubriron ao meu tío -que era policía- intentando levar tabaco á súa familia. Non lle quedou máis remedio que deixar o corpo. Ao pouco tempo, comprou unha carretilla e púxose a vender froita na rúa; asomábase aos patios traseiros e berraba: Amorodos frescos! Amorodos frescos! Logo casou. Mentres a súa muller o axudaba, el dánase á bebida. Cando estaba bébedo, botábase a chorar porque xa non era policía e aquilo tiña un prestixio social. Caeu enfermo e colleulle moito cariño á súa muller. Acordaron abrir unha tenda cando se recuperase, un negocio de verdade. Agora é feliz porque teñen un empregado que lles axuda".

A familia burguesa que mostra Fassbinder n'*O mercador das catro estacións* exemplifica o poder que teñen as mulleres no seu seo, auténticos garantes internos dun sistema social que os homes representan externamente, unha representación pola que Hans sofre e é destruído, incapaz de librarse do seu rol e de imaxinar calquera tipo de alternativa que escape do medio burgués no que non pode vivir. O seu pseudo éxito social non consegue disimular aos seus ollos a vaidade da súa posición, o baleiro da súa existencia, ocultarlle o seu fracaso con respecto ao seu propio proxecto de vida, ao seu desexo de ser mecánico. Non acepta esta mentira. "Esta historia do froiteiro é coñecida por case todos os que me rodean. Un home desexa que a súa vida fose distinta do que foi. A súa educación, o seu ambiente e as circunstancias conspiran para frustrar os seus soños", afirmou o director alemán, que enfoca a súa película moi lonxe do realismo social ao que estaría abocada noutras mans: "Esta obra xera a incómoda sensación de estar a mirar un documental sobre xente que actúa nunha obra ficticia" (Thomas Elsaesser).

En efecto, trátase dun filme moi estilizado, no que levou ata as últimas consecuencias a súa máxima de non reproducir xamais a realidade senón plasmala da forma máis antinaturalista posible mediante o emprego dunha cámara nesta ocasión máis estática e menos manierista que en posteriores traballos; uns zooms conscientemente abruptos; unhas elipses descomunais que desposúen a trama de calquera accesorio ou ornamento adicional co fin de mostrar só aqueles aspectos que verdadeiramente lle interesa destacar; a sensación claustrofóbica que desprenden os decorados interiores, dando a sensación de estar grotescamente empequenecidos en relación aos personaxes que os habitan; ou a actuación de todos os actores, que non fan o máis mínimo esforzo para que o ton e a cadencia das súas palabras resulten naturais.

"Atopámonos nas antípodas dun cine maniqueo onde toda inautenticidade reclama unha verdade e todo sentido o seu contrario", escribiu Gerard Talon sobre o estilo dunha película na que un toque de esaxeración se manifesta en cada frase, en cada imaxe, en cada elemento escenográfico (por exemplo, as grotescas bágoas de Irmgard mentres na escena final). Lonxe de caer na caricatura, esta aposta polo exceso ofrece unha contundente visión sobre os desexos, as frustracións, as hipocrisías e as obscenidades que caracterizan o día a día do mundo burgués.